

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### NIGRÁN

#### Recadación

#### *EXPOSICIÓN PÚBLICA E COBRO IAE 2016*

*Exposición pública e cobranza do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) para o exercicio 2016*

Aprobado por Decreto da Alcaldía o padrón do “Imposto sobre Actividades Económicas” correspondente ao exercicio 2016, porase ao dispor do público no Concello de Nigrán por espazo de un mes, a partir da publicación de este edicto no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinar o mesmo e presentar recurso de reposición ante o Alcalde – Presidente deste Concello, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao de remate do período de exposición (art.14.2 do RD Lex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Asimesmo, de conformidade co previsto no artigo 12 do mesmo Texto Refundido, en relación cos artigos 62.3 da Lei Xeral Tributaria – LXT- (Lei 58/2003, do 17 de decembro), e 24 do Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, do 29 de xullo), comunícaselle aos contribuíntes afectados, que o período voluntario de cobranza será o comprendido entre o 27 de setembro e 30 de novembro de 2016, ámbolos dous incluídos.

O pago farase a través das seguintes entidades bancarias: ABANCA, BANCO PASTOR (GRUPO POPULAR) e LA CAIXA, entregando os documentos de ingreso (recibos), que se enviarán ao domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario.

No caso de perda do devandito documento de ingreso, ou no caso de que non se tivese recibido o mesmo no seu domicilio, o obrigado ao pago poderá, ata o día de remate do período voluntario de cobranza, obter un duplicado na oficina de Recadación do Concello (Pza. Constitución nº 1. Nigrán). A non recepción do documento de ingreso non exonera da obriga de pago, e non impide a utilización da vía de prema.

O presente edicto ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da LXT.

O vencemento do prazo en período voluntario sen ter satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento executivo, a repercusión do recargo correspondente e demais conceptos esixibles segundo o establecido nos artigos 26, 28 e 161.4 da LXT.

Nigrán, a 14 de setembro de 2016.—O Alcalde, Juan Antonio González Pérez.

